
LIÑAS XERAIS DA PROGRAMACIÓN ORZAMENTARIA 2021

Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica

22 de decembro de 2020

INTRODUCCIÓN

A modificación dos Estatutos da UDC do 11 de outubro de 2007 (DOG do 17 de outubro) incorporou ás competencias do Claustro a aprobación das liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria. Polo tanto, corresponde explicar en detalle as liñas xerais da programación orzamentaria para o ano 2021. O documento continúa cunha estrutura similar aos anos precedentes, mais incluíronse apartados novos e específicos como son a crise sanitaria da covid-19 e a Cidade das TIC. Ademais, explícanse os apartados do IVE de Investigación e Tesouraría, dos campus de especialización, dos programas de mellora da calidade e dos programas de aforro e eficiencia enerxética. Nestes apartados detállanse aquelas cuestións que teñen implicacións para o orzamento do ano 2021 ou que se comezaron a xestionar no ano 2020, pero teñen continuidade no ano 2021. Tamén se inclúe nos apartados relacionados co financiamento a evolución dos fondos no período 2016-20, o cal permite ter unha visión global máis precisa da evolución das diferentes magnitudes do PFSUG (Plan de financiamento do sistema universitario galego) que comezou en xaneiro de 2016 e que tiña previsto finalizar en decembro de 2020, pero que por motivo da crise sanitaria se prorroga un ano máis. Os contidos deste documento de liñas orzamentarias estrutúranse nos seguintes apartados:

1. Plan de financiamento do sistema universitario galego 2016-20
2. Contexto orzamentario
3. Principais fontes de financiamento do PFSUG no período 2016-2020 e previsión para 2021
4. Síntese das principais fontes de financiamento do PFSUG no período 2016-2020 e previsión para 2021
5. Previsión de ingresos e gastos e calendario de aprobación
 - 5.1 Prórroga do ano 2020 para 2021
 - 5.2 Previsión dos capítulos de ingresos e gastos para 2021
6. Tesouraría e dereitos pendente de cobramento
7. Evolución do PDI e PAS
8. Crise sanitaria da Covid-19
9. Campus de especialización
10. Programas de mellora da calidade
11. Programas de aforro e eficiencia enerxética
12. Cidade das TIC

1. PLAN DE FINANCIAMENTO DO SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO 2016-2020 (PFSUG 2016-2020)

O Plan de financiamento do sistema universitario galego (PFSUG) establece os principios sobre os que debe desenvolver a súa actividade, a estrutura dos fondos, o modelo de cálculo do financiamento, as bases para a execución do orzamento e o seguimento da súa evolución e do seu contido. Trátase dun instrumento de programación plurianual no que se fixan os principais obxectivos que cómpre acadar para a mellora da calidade e a eficiencia do ensino universitario en Galicia. A continuación, faise unha síntese dos principais contidos.

PFSUG: Principais características

a) Obxecto e vixencia

O obxecto do PFSUG é establecer un marco de financiamento para todo o sistema universitario galego. A súa vixencia vai dende o 8 de xaneiro do 2016 até o 31 de decembro de 2020, ambos os anos incluídos. Debido á situación extraordinaria provocada pola covid-19 non se puido avanzar como estaba previsto na elaboración do seguinte plan de financiamento polo que o financiador propuxo a prórroga do plan vixente para o ano 2021 .

b) Estrutura e evolución

Distínguese un financiamento estrutural e un financiamento por resultados (isto explícase con maior detalle no apartado terceiro).

c) Principios

Os principios en que se basea o PFSUG son a eficiencia, a suficiencia, a equidade institucional, o equilibrio orzamentario e a transparencia. Destaca, sobre todo, a eficiencia que é o que estimula ás universidades a melloraren o seu rendemento académico ou docente, de investigación e de transferencia. Porén, continuamos a defender a importancia do financiamento estrutural o cal é insuficiente. Este feito agrávase pola incerteza orixinada pola pandemia e que pode verse moi afectada por mor da evolución negativa do PIB. Ambos os condicionantes demandan que o financiamento estrutural cobre unha maior relevancia.

d) Seguimento do Plan


Finalmente, e co fin de garantir o bo funcionamento e rigor na repartición dos fondos vinculados ao plan de financiamento, establecerase unha comisión de seguimento. Normalmente convócase no mes de outubro de 2020, mais este ano non puido ser até o 10 de decembro. Este feito retrasou a realización do Claustro no que se presentan as liñas xerais orzamentarias. Fíxose un gran esforzo para cumprir co prazo de entrega deste documento.

2. CONTEXTO ORZAMENTARIO

2.1 Incerteza e restricións orzamentarias

Como se pode apreciar na figura 1, o contexto orzamentario do SUG para o cal se desenvolve a actividade docente e investigadora da Universidade da Coruña sufriu unha deterioración moi notable dende o ano 2009. A pesar do incremento dos derradeiros anos, no período 2009-2020, os orzamentos diminuíron case 5 puntos porcentuais (-4,75%), isto é, baixaron dende os 137,8 millóns de euros no ano 2009 até os 131,26 millóns no derradeiro orzamento prorrogado do ano 2019 para o ano 2020 (véxase a figura 1). Estas limitacións orzamentarias continúan a afectar a todos os ámbitos de desenvolvemento e funcionamento diario, así como a todos os colectivos implicados como PDI, PAS e estudantes. Aínda que nos derradeiros anos se observa unha lixeira repunta no financiamento global, o financiamento estrutural está a crecer unicamente polo incremento retributivo, o cal é inferior ao incremento dos custos de persoal. Esta universidade, como xa se explicou nos anteriores claustros, ademais de buscar fontes de financiamento de base cooperativa e colaborativa con outras institucións, está demandando un maior financiamento estrutural.

Figura 1. Evolución dos orzamentos no período 2002-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos internos (2002-2020); datos en millóns de euros

No apartado seguinte vanse analizar polo miúdo os diferentes apartados do financiamento universitario.

2.2 Previsión de calendario para aprobar os orzamentos de 2021

Adicionalmente, no momento en que se está redactar este documento, o orzamento da nosa comunidade autónoma aínda non está aprobado polo que podería haber algunha variación nas contías de ingresos e gastos para o vindeiro exercicio económico de 2021, mais non afectaría ao equilibrio orzamentario.

O actual escenario esixe establecer unha elaboración do orzamento para o ano 2021 en dúas fases. Nunha primeira propónse a aprobación dos orzamentos prorrogados para o ano 2021 mais co financiamento alleo cargado dende o 1 de xaneiro de 2021 e inmediatamente despois poderíase aprobar coa maior celeridade posible o anteproxecto de orzamento da Universidade da Coruña para o 2021. Este mesma programación é a que establece a Comunidade Autónoma para aprobar os orzamentos do ano 2021.

3. PRINCIPAIS FONTES DE FINANCIAMENTO DO PFSUG NO PERÍODO 2016-2020 E PREVISIÓN PARA 2021

A principal fonte de financiamento do sistema universitario galego provén da Xunta de Galicia, motivo polo que se procede a explicar polo miúdo a súa evolución.

3.1 Fondo estrutural no ano período 2016-2020 e previsión para o ano 2021

3.1.1 Análise do custo estándar para o SUG no ano 2020 e previsión para 2021

Hai tres anos aprobouse un novo método de calculo do custo estándar que é o principal fondo de financiamento do sistema universitario galego. O novo método de cálculo ten en conta a evolución dos créditos efectivamente matriculados e previamente auditados nos tres últimos cursos académicos xa pechados de modo que a referencia para o ano 2021 é o ano 2019. Polo tanto, procedeuse a avaliar a media dos tres cursos académicos (2016-17; 2017-18 e 2018-19). Como se pode observar a táboa 1, o promedio de créditos para a UDC no período avaliado é de 732.600 créditos a que determina un fondo estrutural de 72,34 millóns de euros co incremento retributivo (modulo económico do ano 2021) mentres que 71,7 millóns de euros (táboa 2) sería sen o

incremento retributivo coa referencia do módulo económico do ano 2020. A contía de repartición que se fixa como punto de referencia ou orixe é de 275,14 M€ (táboa 1, custo estrutural máximo ou total para repartir). O importe que non chegase a ese máximo vai directamente ao subfondo do panel de indicadores e que alcanza un valor de 14,79 millóns de euros. En consecuencia, esta contía incrementaría o panel de indicadores.

Táboa 1. Cálculo do custo estándar do ano 2021 (subfondo estrutural ano 2021)

	Créditos matriculados	Peso relativo	Modulo económico 2020	Modulo económico 2021	Fondo estrutural 2021 (co incremento retributivo)
UDC	732.600	28,01%	97,87	98,75	72.344.250,00 €
UVIGO	827.304	31,63%	98,94	99,83	82.589.758,32 €
USC	1.055.959	40,37%	98,94	99,83	105.416.386,97 €
	2.615.863	100%	Financiamento estrutural		260.350.395,29 €
Total para repartir					275.137.629,00 €
Diferenza a resultados					14.787.233,71 €

Fonte: Consellería de Facenda

Como se pode ver na táboa 2, a comparativa entre 2016 e 2020 establece que hai un lixeiro incremento na evolución entre o ano 2016 e 2020 (do 26,80% ao 27,78%). No ano 2021 practicamente non experimenta variación (27,79%) o que resulta un valor de 71,7 millóns de euros. Debe notarse que os valores nesta táboa están sen o incremento retributivo. Se sigue o mesmo criterio que utiliza a Consellaría de Facenda.

**Táboa 2. Evolución do custo estándar para as diferentes universidades
do SUG no período 2016-21**

	Custo Estándar 2016	Peso relativo 2016	Custo estándar 2017	Peso relativo 2017	Custo Estándar 2018	Peso relativo 2018	Custo Estándar 2019	Peso relativo 2019	Custo estándar 2020	Peso relativo 2020	Custo estándar 2021	Peso relativo 2021
UDC	64,69	26,80%	66,38	27,88%	70,14	28,01%	70,44	27,92%	70,78	27,78%	71,7	27,79%
USC	98,93	40,98%	97,01	40,75%	101,62	40,59%	102,24	40,53%	103,21	40,50%	104,48	40,49%
UVI	77,79	32,22%	74,69	31,37%	78,61	31,40%	79,58	31,55%	80,81	31,72%	81,85	31,72%
	241,41	100%	238,08	100%	250,37	100%	252,26	100%	254,86	100%	258,03	100%

Fonte: Para poder facer unha comparativa, ofrécese datos sen os incrementos retributivos (no ano 2017 figura o dato actualizado tras a mellora establecida pola sentenza)

Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda (datos en millóns de euros)

3.1.2 Resto de subfondos do fondo estrutural e do fondo estrutural total (2016-2021)

Como se pode comprobar na táboa 3, existe unha diminución no financiamento estrutural no ano 2021 con respecto ao ano 2020 de 0,494 millóns de euros como consecuencia fundamentalmente da perda da compensación do fondo estrutural derivada da execución da sentenza do período 2018-2020 e da perda de créditos matriculados. Ao igual que na táboa anterior, no caso do custo estándar están recollidos os valores sen considerar o incremento retributivo. No caso do SERGAS e do INEF hai variacións moi reducidas polo que non son significativas.

Táboa 3. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento estrutural no período 2016-2021

FONDO	SUFONDO	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Diferencia 2021-20	Evolución 2016-20
FINANCIAMENTO ESTRUTURAL	Custo estándar	64,69	66,38	70,14	70,44	70,78	71,7	0,92	6,09
	RAM	1,2	1,1	1,07	1,07	1,015	1,015	0	-0,185
	INEF Galicia	2,85	3,06	2,9	2,99	3,051	3,017	-0,034	0,201
	SERGAS prazas vinculadas	1,01	1,01	0,93	0,93	0,93	0,95	0,02	-0,08
	Recuperación paga extra		3,64					-	
	Incremento de financiamento			1,4	1,4	1,4		-	
	SUBTOTAL	69,75	75,19	76,44	76,83	77,176	76,682	-0,494	7,426

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda; Para facer posible a homoxeneidade da comparativa establécese o custo estándar sen incrementos retributivos.

3.2. Fondo de resultados do período 2016-2020 e previsión para 2021

3.2.1 Variación do fondo de resultados para o SUG

Como se pode ver na táboa 4, no caso do fondo de complementos retributivos, no período 2016-19, en termos relativos, prodúcese unha lixeira mellora ao crecer dende un 23,28% no ano 2016 a un 24,11% no ano 2019 (para os anos 2020 e 2021 non temos no momento de redactar este documento o dato exacto). Dun xeito similar, o panel de indicadores tamén mellora no conxunto do período 2016-20 ao subir un 2,19% e un 1,08% con respecto ao ano anterior. A continuación, explícase en detalle a desagregación desa contía expresada como a suma de 12 indicadores que miden o rendemento investigador, transferencia ou docente.

**Táboa 4. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento por resultados
entre o ano 2016 e 2021 para a UDC**

	Concepto	2016	2017	2018	2019	2020	2021
FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	Complementos retributivos e compensación por matrículas (Cap. IV)	5,579 (23,28%)	5,86 (23,67%)	6,48 (24,25%)	6,608 (24,11%)	6,305 *	8,028 *
	Outros custos asociados ao ensino universitario (Cap. IV)	0,20	0,20	0,20	0,206	0,206	0,208
	Panel de indicadores (Cap. IV e Cap. VII)	11,604 (21,04%)	13,73 (21,75%)	14,027 (22,09%)	16,412 (24,02%)	17,084 (23,23%)	17,546 (24,31%)
						2016-20: (2,19%) **	2021-20: (1,08%) **
	SUBTOTAL FONDO RESULTADOS	17,383	19,79	20,71	23,226	23,595	25,782

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados pola Consellería de Facenda. As variacións son en termos absolutos.

* Contías pendente de recibir pola Consellería e sen precisar no momento de redactar este documento (é estimación);

** a contía debe de coincidir coa variación do período 2016-20 e 2020-21 detallada na táboa 5.

A continuación, analizamos o panel de indicadores en detalle. Ao ter os datos de cinco anos xa é posible facer unha análise máis pormenorizada dos diferentes indicadores de financiamento por resultados.

a) Indicadores da actividade investigadora

PGFU01 (Grupos de investigación) e PGFU02 (Captación de talento). No indicador do PGFU01, se ben existe unha debilidade para o período 2016-20 –cunha caída de 0,29%– no ano 2021 hai unha mellora significativa ao incrementar un +0,61%. No caso da captación de talento (PGFU02), onde existía un lixeiro incremento no período 2016-20 (+0,22%), existe unha caída do persoal investigador (-0,19%) mais o balance é positivo en todo o período estudado. A expectativa para este indicador é que se poida mellorar, xa que por medio do Programa InTalent, Beatriz Galindo e Ramón e Cajal e accións de apoio para os centros de investigación se espera que se poida seguir captando talento. Tamén se vai intentar facer máis fincapé na captación de persoal investigador tanto na categorías predoutoral como posdoutoral.

PGFU03 (Patentes e rexistros software). Para o conxunto do período 2016-2020 a Universidade da Coruña experimenta unha mellora notable de case un punto porcentual (0,98%). Esta tendencia consolídase no ano 2021 (0,29%). Este dato é moi positivo e revela unha capacidade singular e fortaleza no eido das tecnoloxías da información e comunicación.

PGFU04 (Relación entre sexenios posibles e óptimos) e PGFU-07 (Teses de doutoramento defendidas). No caso dos sexenios de investigación prodúcese unha mellora escasa (+0,05%) para o conxunto do período 2016-20 e diminúe lixeiramente no ano 2021 (-0,04%). No caso das teses de doutoramento defendidas, a tendencia foi positiva até o ano 2018, e baixou nos anos 2019 e 2020 (-0,05%), se ben o resultado para conxunto do período 2016-20 é positivo (+0,05%). En termos netos non experimenta variación.

PGFU-05 (Producción científica) e PGFU-06 (Visibilidade da produción científica). No período 2016-20 existe unha subida no indicador de produción científica, pois mellora a capacidade de publicación dos nosos investigadores (+0,09%). Para o ano 2021, neste indicador obsérvase a mesma tendencia (+0,04%). No entanto, no caso da visibilidade da produción científica (PGFU-06), diminuímos un 0,21% no período 2016-20 e comeza unha lixeira recuperación no ano 2021 (+0,21%). En termos netos non existe variación.

Táboa 5. Evolución do panel de indicadores para a UDC no período 2016-21 e variación nos períodos 2016-20 e 2020-21

Código	Descritor básico	Ano 2016	Ano 2017	Ano 2018	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021	Variación Período 2016-20	Variación Período 2020-21
PGFU-01	Número de grupos de investigación	2,21%	2,00%	2,04%	1,92%	1,92%	2,53%	-0,29%	+0,61%
PGFU-02	Captación de talento investigador	2,07%	2,08%	1,88%	2,05%	2,29%	2,10%	+0,22%	-0,19%
PGFU-03	Patentes en explotación	1,37%	2,05%	1,54%	2,26%	2,35%	2,64%	+0,98%	+0,29%
PGFU-04	Relación entre sexenios posibles e óptimos	1,49%	1,55%	1,56%	1,53%	1,54%	1,50%	+0,05%	-0,04%
PGFU-05	Producción científica	2,45%	2,45%	2,56%	2,66%	2,54%	2,58%	+0,09%	+0,04%
PGFU-06	Visibilidade da produción científica	1,95%	1,97%	2,09%	2,75%	1,74%	1,95%	-0,21%	+0,21%
PGFU-07	Teses de doutoramento defendidas	0,55%	0,61%	0,66%	0,59%	0,60%	0,55%	+0,05%	-0,05%
PGFU-08	Ingresos de investigación	3,13%	3,11%	3,50%	3,50%	3,39%	3,26%	+0,26%	-0,13%
PGFU-09	Proxectos nacionais e internacionais	1,20%	1,26%	1,35%	1,31%	1,34%	1,14%	+0,14%	-0,20%
PGFU-10	Alumnado de posgrao por graduado	2,61%	2,73%	2,88%	3,38%	3,38%	3,80%	+0,77%	+0,42%
PGFU-11	Taxa de graduación	1,85%	1,79%	1,84%	1,84%	1,90%	1,98%	+0,05%	+0,08%
PGFU-12	Alumnado estranxeiro matriculado	0,16%	0,16%	0,19%	0,23%	0,24%	0,28%	+0,08%	+0,04%
	TOTAL	21,04%	21,75%	22,09%	24,02%	23,23%	24,31%	+2,19%*	+1,08%*

Fonte: Elaboración propia a partir de datos facilitados por IUNE, SIU e Secretaría Xeral de Universidades

* O resultado da variación porcentual do panel de indicadores calculada no período 2021/20 e 2016/20 coincide coa variación porcentual explicada no anterior apartado

PGFU-08 (Ingresos por investigación) e PGFU-09 (Proxectos de investigación nacionais e internacionais). No caso dos ingresos de investigación (PGFU-08), a tendencia é positiva para o período 2016-20 (+0,26%) e experimenta unha lixeira diminución no ano 2021 (-0,13%). O balance, por tanto, é positivo. De igual xeito, o indicador dos proxectos de investigación (PGFU-09) experimenta un leve incremento de 0,14% para o período 2016-20 mais diminúe no ano 2021 (-0,20%). Para este indicador, o balance para o período 2016-21 é negativo.

b) Indicadores da actividade docente

PGFU-10 (Alumnado de posgrao por graduado), PGFU-11 (Taxa de graduación) e PGFU-12 (Alumnado estranxeiro matriculado). No eido da docencia pódese concluír que para o período 2016-20 existe unha mellora que se está a consolidar no caso de captación de alumnos do estranxeiro e dos alumnos que continúan a súa formación de posgrao en relación cos que se gradúan. En concreto, a mellora conxunta para os tres indicadores alcanza un total de 0,90% para o período 2016-20. A tendencia mantense para o ano 2021 (+0,54%) no conxunto dos tres indicadores de rendemento docente.

Ademais, a posta en marcha de novos graos e mestrados, dentro do Campus Industrial de Ferrol e dos Campus Sustentabilidade e Campus Innova na Coruña, pode axudar a afrontar o reto que supón a captación de alumnado. Os graos en Videoxogos, Ciencia en Enxeñaría de Datos ou en Nanociencia no campus da Coruña ou o grao en Xestión Industrial da Moda e o mestrado de Informática Industrial e Robótica dentro do Campus Industrial son moi bos exemplos da estratexia que se está a implantar. En todos esos casos, agotouse a oferta de prazas, feito que se repite ano a ano.

En resumo, pode observarse unha tendencia positiva na evolución dos indicadores de financiamento por resultados, o cal incrementa un 2,19% no período 2016-20 no que destacan os rexistros de software (PGFU03), e o alumnado posgraduado por graduado (PGFU10) mentres que con respecto ao ano 2020 hai un incremento de 1,08%. En resumo, se consideramos todo o período analizado, 2016-21, a Universidade da Coruña está a mellorar o rendemento da actividade docente, investigadora e da transferencia nun 3,27%.

4. SÍNTESE DAS PRINCIPAIS FONTES DE FINANCIAMENTO DO PFSUG NO PERÍODO 2016-2020 E PREVISIÓN PARA O ANO 2021.

Para facilitar a síntese do financiamento considerase tódolos fondos e no caso do custe estándar si que inclúe o incremento retributivo. No custo estándar hai unha redución de 0,5 millóns de euros motivada por unha caída dos créditos matriculados e auditados. O resto de partidas orzamentarias do fondo estrutural non experimentan variacións significativas. A cifra correspondente á partida dos complementos retributivos e compensación por matrícula non se pode saber nestes momentos con exactitude, xa que aínda están realizando os cálculos da bonificación por crédito matriculado dos mestrados do curso 2020-21 e a resolución da convocatoria dos complementos retributivos da ACSUG polo que se ofrece unha estimación. O incremento no financiamento por resultados (panel de indicadores) é de 0,46M€ mais sería moito maior. A explicación deste dato vén motivada pola caída do PIB neste ano 2020 (máis de 10 puntos porcentuais) e que non pode ser compensada polo incremento do ano seguinte. No conxunto do financiamento hai unha lixeira mellora de 0,25 millóns con respecto ao ano 2020.

Táboa 6. Evolución das diferentes compoñentes do financiamento estrutural e por resultados entre o ano 2016 e 2021

FONDO	SUBFONDO	2016	2017	2018	2019	2020	2021
FONDO ESTRUCTURAL	Custo estándar	64.698.808,48	66.380.000,00	71.281.812,00	72.117.473,42	72.854.164,00	72.344.250,00
	RAM	1.203.069,90	1.124.688,90	1.067.923,81	1.067.162,81	1.015.865,47	1.018.337,65
	INEF Galicia	2.856.931,00	3.061.986,00	2.903.659,00	2.992.293,00	3.051.612,00	3.017.099,00
	SERGAS	1.012.333,00	1.012.333,00	933.502,00	933.502,00	933.502,00	946.628,00
	Finan. estrut./sentenza	2.056.639,37	3.640.000,00	1.400.893,67	1.400.894,67	1.401.787,32	
FONDO RESULTADOS	Complementos retributivos e compensación por matrículas	5.579.348,32	5.862.119,94	6.477.849,35	6.608.742,73	6.305.273,54	8.027.849,35
	Outros custos asociados ao ensino universitario	200.000,00	200.000,00	200.000,00	206.026	206.025,96	207.880,00
	Panel de indicadores	11.604.459,79	13.729.177,00	14.027.813,61	16.412.274,63	17.084.337,78	17.546.214,53
	Redución do financiamento por resultados		-482.895,98				
TOTAL		89.211.589,86	94.527.408,86	98.833.452,64	101.738.369,26	102.852.576,07	103.108.258,53

Fonte: Elaboración a partir de datos facilitados por Consellería de Facenda e Educación

5. PREVISIÓN DE INGRESOS E GASTOS E CALENDARIO DE APROBACIÓN

5.1 Prórroga do orzamento do ano 2020 para o ano 2021

Tal e como se explicou no apartado segundo do contexto orzamentario, a situación de incerteza que xerou a crise da covid-19 unido ao feito de que a nosa comunidade autónoma está en fase de aprobación de orzamentos fai que o calendario para a elaboración dos orzamentos se establezan dúas etapas. Primeiramente vaise establecer unha prórroga e, posteriormente, presentaranse os orzamentos para o ano 2021 coa máxima celeridade posible. No que se refire á prórroga, o que fixemos é cargar o financiamento alleo de tal xeito que os investigadores poidan traballar dende o 2 de xaneiro de 2021 con normalidade ao igual que os centros docentes ou de investigación. Por esta razón, as estruturas orzamentarias van ser moi similares coa excepción do financiamento alleo (capítulo VII de ingresos e VI de gastos) (véxase a táboa 7). Os valores sinalados cun asterisco indican que a variación nunha décima vén motivada por mor do arredondamento.

Táboa 7. Estrutura de ingresos e gastos para as anualidades 2020 e 2021.

Capítulo de ingresos	2020	2021	Peso 2020	Peso 2021	Variación 2021/2020	2020 (en millóns de euros)	2021 (en millóns de euros)
Capítulo III - Tasas, prezos públicos	16.805.173,39	17.000.276,29	12,80%	12,90%	1,16%	16,81	17,00
Capítulo IV - Transferencias correntes	95.082.135,93	95.039.580,93	72,44%	72,12%	-0,04%	95,08	95,04
Capítulo V - Ingresos patrimoniais	340.000,00	340.000,00	0,26%	0,26%	0,00%	0,34	0,34
Capítulo VII - Transferencias de capital	18.341.599,71	18.715.427,50	13,97%	14,20%	2,04%	18,34	18,72
Capítulo VIII - Activos financeiros	689.715,02	689.715,02	0,53%	0,52%	0,00%	0,69	0,69
TOTAL INGRESOS	131.258.624,05	131.784.999,74	100%	100%	0,40%	131,26	131,78*

Capítulo de gastos	2020	2021	Peso 2020	Peso 2021	Variación 2021/2020	2020 (en millóns de euros)	2021 (en millóns de euros)
Capítulo I – Gastos de persoal	96.421.178,56	96.421.178,56	73,46%	73,17%	0,00%	96,42	96,42
Capítulo II – Gastos correntes	16.533.723,26	16.564.083,26	12,60%	12,57%	0,18%	16,53	16,56
Capítulo III - Gastos financeiros	28.000,00	28.000,00	0,02%	0,02%	0,00%	0,03	0,03
Capítulo IV – Transferencias correntes	4.592.102,48	4.657.527,78	3,50%	3,53%	1,42%	4,59	4,66
Capítulo V- Fondo de continxencia	350.000,00	350.000,00	0,27%	0,27%	0,00%	0,35	0,35
Capítulo VI - Inversións reais	12.783.619,75	13.214.210,14	9,74%	10,03%	3,37%	12,78	13,21
Capítulo VIII – Activos financeiros	0,00	0,00	0,00%	0,00%	-	-	-
Capítulo IX – Pasivos financeiros	550.000,00	550.000,00	0,42%	0,42%	-	0,55	0,55
	131.258.624,05	131.784.999,74	100,00%*	100,00%*	0,40%	131,26*	131,78

5.2 Previsión dos capítulos de ingresos e gastos para o ano 2021

A continuación, preséntase a previsión das diferentes partidas de ingresos e gastos para o ano 2021, principalmente daquelas que teñen unha gran ponderación no orzamento final.

5.2.1 Previsión dos capítulos de ingresos para o ano 2021

a) Taxas e prezos públicos (Capítulo III)

A principal partida é a matriculación de estudantes. No curso académico 2020/21 a matriculación do alumnado correspondente ás diferentes categorías de grao, mestrado, doutoramento e Erasmus ou intercambio alcanza unha cifra de 17.241 alumnos/as. Adicionalmente, habería que engadir os estudos propios de posgrao, títulos propios e da Universidade Sénior. Nestes casos aínda está pendente de peche. Dentro do marco actual de tendencia negativa no Sistema Universitario Español, tratase dun resultado aceptable posto que no caso de primeiro ingreso hai unha lixeira subida respecto ao cursos académicos anteriores. Este dato revela que os novos graos e mestrados están tendo moi boa aceptación.

Táboa 8. Evolución da matrícula das diferentes categorías de oferta académica

Categoría	Curso 2014 / 15	Curso 2015 / 16	Curso 2016 / 17	Curso 2017 / 18	Curso 2018 / 19	Curso 2019 / 20	Curso 2020 / 21
LRU	2.866	1.537	614	308	-	-	-
GRAO	14.171	14.646	14.121	13.960	13.794	13.645	13.745
MESTRADO	1.400	1.629	1.775	1.837	1.914	2.063	2.149
DOCTORAMENTO	1.473	1.138	1.210	1.143	1.179	1.299	1.189
ERASMUS	552	600	632	689	576	718	158
SUBTOTAL	20.962	19.550	18.352	17.937	17.463	17.725	17.241
ESTUDOS POSGRAO	657	413	418	375	151	262	-
SÉNIOR	663	806	879	954	940	986	392
TÍTULOS PROPIOS	33	31	33	26	25	3	-
TOTAL	21.815	20.800	19.682	19.292	18.579	18.976	17.633

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Xescampus.* Pendente de finalizar Posgrao e títulos propios

Ao igual que ocorre no resto de universidades do SUG, e en todo o sistema universitario español (SUE), este ano hai unha perda de estudantes especialmente na categoría de Erasmus. Este dato é reversible, xa que se espera que se produza o incremento a medida que se vaia avanzando no grao de mobilidade. A estratexia que se está a implantar é a de continuar impulsando os novos títulos académicos e continuar coa tendencia dunha maior internacionalización a través de diferentes programas (p. ex.: Erasmus+). –que veu incrementando ano a ano e unicamente estivo interrompido pola crise sanitaria da covid-19– tanto en Iberoamérica como de Europa.

Outro dos conceptos son os ingresos por investigación como facturación de servizos de investigación, custos indirectos ou alugueres estímase que se espera que continúen coa tendencia positiva dos anos anteriores. En total, hai un valor final no capítulo III por valor de 17,01 millóns de euros, o cal é lixeiramente superior ao ano anterior (16,81), o que supón un incremento do 1,21% (véxase a táboa 9). Os asteriscos sinalan que por mor do arredondamento o cálculo pode variar unha centésima.

Táboa 9. Evolución dos diferentes capítulos de ingresos no período 2016-2020 e previsión para 2021

Capítulo de ingresos	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Peso 2021	Variación 21/20
Capítulo III -Taxas, prezos públicos	15,35	16,354	16,664	16,949	16,805	17,008	12,42%	1,21%
Capítulo IV - Transferencias correntes	85,26	86,667	92,038	95,274	95,082	96,710	70,60%	1,71%
Capítulo V - Ingresos patrimoniais	0,34	0,315	0,315	0,340	0,340	0,340	0,25%	0,00%
Capítulo VII - Transferencias de capital	14,89	15,620	13,689	16,714	18,342	22,241	16,24%*	21,26%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,50	0,490	0,589	0,690	0,690	0,690	0,50%	0,00%
	116,321	119,446	123,295	129,967	131,260*	136,989	100,00%*	4,37%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €; os pesos e as variacións están calculadas sobre os datos con millares e centenas de aí que a suma dos valores en millóns de euros poida variar nunha centésima.

b) Transferencias correntes (Capítulo IV)

A principal fonte de financiamento de UDC son as transferencias correntes. Para o conxunto do Capítulo IV hai un incremento con respecto ao ano 2020 ao pasar de 95,08 a 96,71 millóns de euros –e que representa un 70,60%–, o que supón un incremento dun 1,71% (véxase a táboa 9). A principal partida corresponde ao fondo estrutural que alcanza unha contía de 72,34 millóns de euros. Hai que engadir, ademais, as transferencias derivadas do INEF, as prazas vinculadas ao SERGAS e as transferencias por mecenado (Inditex). Igualmente, inclúese a compensación da redución na bonificación do prezo por crédito nos mestrados e o ingreso derivado da anualidade de 2021 do fondo estatal covid.

c) Ingresos patrimoniais (Capítulo V)

Ingresos dos xuros bancarios e das concesións administrativas. Representan unha porcentaxe moi reducida e non significativa polo que ten moi pouca repercusión na estimación do equilibrio orzamentario. Non experimenta variación. Ten unha contén en termos absolutos de 0,340 millóns de euros e un peso relativo de 0,25% polo que non é significativa no conxunto do orzamento.


d) Transferencias de capital (Capítulo VII)

As transferencias por capital están por encima do ano anterior e experimentan un incremento dun 21,26%, ao pasaren de 18,34 millóns de euros no ano 2020 a 22,24 millóns de euros no ano 2021. As principais razóns deste incremento son a maior captura de proxectos de investigación (autonómicos e nacionais), que medran con respecto ao ano anterior e un fondo creado pola Consellería dirixido a compensar a perda de financiamento por resultados motivada pola caída do PIB. Ao igual que en anos anteriores, non se inclúen neste apartado os proxectos europeos debido á dificultade para estimar en moitos casos as anualidades, así como a existencia de proxectos europeos en fase de lanzamento ou pendentes para a sinatura do *grant agreement*.

e) Activos financeiros (Capítulo VIII)

O remanente estivo a experimentar unha perda motivada polo contexto orzamentario de restrición financeira en anos anteriores, o que derivou nunha redución moi importante do seu volume. Neste ano, a cantidade que corresponde é de 0,69 millóns de euros, o que representa un 0,50% e non supón variación con respecto ao ano anterior.

Figura 2. Principais capítulos de ingresos para o ano 2021



Fonte: Elaboración propia

Nota: Na gráfica non figura o valor dos ingresos patrimoniais (0,340 M€), O total ascende a 136,99 M€)

5.2.2 Previsión dos capítulos de gastos para 2021

a) Gastos de persoal (Capítulo I)

Como se pode ver na táboa 10, os gastos de persoal (102,13 millóns de euros) representan a porción mais importante do total dos gastos, un 74,55%. Os gastos de persoal incrementáanse en 5,7 millóns de euros (un 5,92%) se ben corresponde a dúas anualidades, xa que ao estar prorrogado no ano 2020, tomase como referencia a contía do ano 2019. Ao representar unha porcentaxe tan importante do orzamento e ao consolidar os incrementos retributivos o financiador fai un control tanto do límite de masa salarial anual como da súa evolución en relación aos créditos efectivamente matriculados e o prezo económico. Como xa se explicou na sección terceira, o resultado da multiplicación de ambos conceptos (créditos matriculados) e prezo (ou modulo económico) é o que determina a contía que debe financiar en gran parte eses custos de persoal.

b) Gastos correntes (Capítulo II)

Os gastos correntes de cara ao ano 2021 experimentan unha diminución do 2,51%, de modo que pasaron de 16,53 a 16,12 millóns e euros. Trátase de conter o gasto nas partidas nos gastos xerais de funcionamento como combustibles, canons, mantemento etc. Supón un 11,77% do total do

gasto (véxase a táboa 10). Estase a realizar un control do gasto corrente, mais o incremento dos custos das materias primas, o crecemento xeneralizado do custo da vida ou novas necesidades derivadas do envellecemento do equipamento ou da vida útil dos edificios son variables que están a condicionar enormemente o mantemento e redución destes gastos. Igualmente, aínda non se está a considerar o aforro que pode aparecer no próximo exercicio económico derivado da implantación dos programas de aforro e eficiencia enerxética nos edificios da NORMAL, Pavillón de Deportes, ETSAC, Reitoría, Humanidades e EPS.

Táboa 10. Evolución dos diferentes capítulos de gastos no período 2016-20 e previsión para o ano 2021

Capítulo de gastos	2016	2017	2018	2019	2020	2021	Peso	Variación 21/20
Capítulo I - Gastos de persoal	88,38	90,293	92,201	96,421	96,421	102,127	74,55%	5,92%
Capítulo II - Gastos correntes	15,26	14,486	15,583	16,553	16,533	16,1119	11,77%	-2,51%
Capítulo III- Gastos financeiros	0,06	0,045	0,033	0,028	0,030	0,028	0,02%	0,00%
Capítulo IV- Transferencias correntes	2,46	2,763	4,601	4,747	4,592	4,751	3,47%	3,45%
Capítulo V-Fondo de continxencia	0,25	0,250	0,350	0,350	0,350	0,350	0,26%	0,00%
Capítulo VI - Investimentos reais	9,16	11,059	9,977	11,318	12,784	13,148	9,60%	2,85%
Capítulo VIII - Activos financeiros	0,05	0,000	0,000	0,000	-	0,00	0,00%	
Capítulo IX - Pasivos financeiros	0,70	0,550	0,550	0,550	0,550	0,466	0,34%	-15,24%
	116,321	119,446	123,295	129,967	131,260	136,989	100,00%*	4,37%

Fonte: Elaboración propia; datos en millóns de €; os pesos e as variacións están calculadas sobre os datos con millares e centenas de aí que por mor do redondeo poida variar a suma nunha centésima

c) Transferencias correntes (Capítulo IV)

Estímase un montante de 4,75 M€ o que supón unha importancia relativa dun 3,47% e un incremento do 3,45%. É importante destacar o apoio que quere facer esta universidade cos programas de apoio ao estudantado como bolsas, residencias, programa de bono-bus, promoción das actividades culturais ou deportivas, mobilidade etc. Do mesmo xeito, é importante salientar o esforzo que se fixo neste ano 2020 en relación coas convocatorias de programas de apoio ao estudantado como consecuencia da crise da covid-19 e por problemas de necesidades económicas. Consideramos fundamental o apoio ao estudantado.


d) **Investimentos reais (Capítulo VI)**

O capítulo de investimentos experimenta un incremento no exercicio 2021 nun 2,85% no que destaca o crecemento do investimento inmaterial. Estímase en 13,15 millóns de euros o que representa un 9,60% do total do orzamento. A pesar de que hai convenios que desaparecen a comezos do ano 2021, o incremento da captación de recursos por parte dos investigadores e investigadoras é algo moi salientable. Por outra banda, estes investimentos poderían incrementar unha vez estean aprobados os orzamentos da Xunta de Galicia e poidan elaborarse os convenios relativos a I+D+i.

e) **Resto de partidas: Gastos financeiros (Capítulo III), Fondo de continxencia (Capítulo V) e Variacións en activos e pasivos financeiros (Capítulo VIII e IX).**

Estas partidas supoñen unha participación moi reducida no gasto total. No caso de gastos financeiros (0,028 millóns de euros) non varía. Na partida das variacións de activos financeiros non hai cambios. No caso do pasivo financeiro hai unha diminución (de 0,55 a 0,47 millóns de euros e participación dun 0,34%). Mantense o fondo de continxencia para poder atender posibles continxencias ou gastos extraordinarios (0,35 millóns de euros, o cal supón un 0,26%) que non varía respecto ao ano anterior.

Figura 3. Principais partidas de gastos para o ano 2021



Fonte: Elaboración propia

Nota: Na gráfica non figuran os valores dos gastos financeiros (0,028 millóns de €) e do fondo de continxencia (0,350 millóns de €). O total ascende a 136,99 millóns de €)

6. TESOURARÍA E DEREITOS DE COBRAMENTO

Dados os cambios que se están a experimentar nesta materia, procédese a facer un resumo sintético dos dereitos de cobramento relacionados co IVE por investigación nos anos 2012, 2013, 2014 a situación dos anos 2018 e 2019 –xa que foi a partir da revisión do ano 2018 no que se produciu un cambio no criterio de avaliación do IVE–.

6.1 Dereitos de cobro pendentes de aboamento (período 2012-2014) e síntese do IVE soportado por investigación (anos 2018 e 2019)

Neste momento a UDC ten dereitos de cobro pendente de materializarse correspondentes ao período comprendido entre 2012 e 2014, así como o correspondente aos exercicios 2018 e 2019.

IVE 2012

Existe un procedemento en curso relativo ao imposto sobre o valor engadido do exercicio económico de 2012. Recolléronse datos e fundamentacións para formular a demanda ante a Sala do Contencioso da Audiencia Nacional por unha contía de 581.479,72 €.

IVE 2013 e IVE 2014

As actuacións inspectoras desenvolvidas en concepto do imposto sobre o valor engadido correspondentes aos exercicios 2013 e 2014 (devolucións de IVE solicitadas de 506.694,95 e 786.951,85 euros, respectivamente) finalizaron coa sinatura de actas en desconformidade número A02 72536600 e A02 72557415 contra as que se interpuxo unha reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico Rexional de Galicia. Agora mesmo está pendente de resolución no Tribunal Económico-Administrativo Central. As contías ascenden a 506.694,95 € (ano 2013) e 786.951,85 € (ano 2014), cun total acumulado para estes dous anos de 1.293.646,80 €. Os anos 2015, 2016 e 2017 xa foron liquidados.

IVE 2018

Con data 21 de xuño de 2019 comunicouse pola Delegación en Galicia da Axencia Tributaria acta e informe de desconformidade. Neste documento a contía da liquidación proposta era de 128.226,99 €. No prazo de 15 días establecido, formuláronse alegacións xunto coa documentación e xustificacións correspondentes, coa finalidade de incrementar a contía proposta pola AEAT. Como consecuencia do anterior, recibíuse unha notificación do acordo de liquidación no que figura que a contía para devolver se incrementa a 222.828,81€. Como a cantidade que solicitou

para devolver a UDC era de 624.151,72 €, mediante un escrito do 13 de agosto de 2019 presentouse unha reclamación económico-administrativa dirixida ao Tribunal Económico-Administrativo Central pola antedita cantidade.

IVE 2019 e IVE por servizos comúns 2015, 2016 e 2017

A contía que se soportou de IVE por investigación é de 970.965,54€. A AEAT realizou tres axustes diferentes. Por un lado, non acepta a dedución ao 100% das cotas soportadas en adquisición de bens respecto dos que non se proba a súa afectación á actividade empresarial de investigación aplicada ou a calquera outra actividade empresarial. Respecto a este motivo, fíxose un traballo enorme para achegar evidencia documental sobre a vinculación das liñas de investigación dos grupos de investigación aos que se refiren estas facturas da actividade de investigación desenvolvida cos resultados acadados por eses grupos de investigación (patentes, art. 83 etc.). En segundo lugar non se acepta a dedución das cotas soportadas en bens e servizos afectos en común aos dous sectores diferenciados de actividade (docencia ou investigación). Neste caso o que se fixo é achegar documentación de que a actividade desenvolvida nos centros docentes tamén implica o desenvolvemento da actividade investigadora. En terceiro lugar, cuestiónase a dedución de cotas soportadas (2015 a 2017) que xa foron obxecto de regularización en procedementos inspectores anteriores. A Universidade non presentara a deducibilidade do IVE por servizos comúns (auga, gas, electricidade, seguridade, limpeza etc) pola *pro rata* ou parte proporcional que a AEAT estableceu no 9,84% –e que por redondeo fixou nun 10%–. Deste xeito, xuntáronse documentos e facturas correspondentes aos exercicios 2015, 2016 e 2017 para fundamentar reclamacións da parte proporcional, *pro rata*, ou deducibilidade dos servizos comúns en edificios xerais ou de investigación da universidade. En concreto, a contía do IVE deducible correspondente ao segundo semestre de 2015 alcanzou a contía de 75.351,10 € mentres que para o ano 2016 chegou a 161.002,63€ e no ano 2017 alcanzou a contía de 161.212,90€ . Para cada un destes argumentos a Universidade fixo un esforzo de recompilación, clasificación e xustificación da información. O 13 de novembro propónse unha liquidación a favor da Universidade da Coruña de 99.034,48€, contía inferior á prevista. É por isto que o pasado 3 de decembro se fixo o trámite de alegacións mediante unha acta de desconformidade (Referencia Acta: A02 73234805).

Ante este novo escenario a partir do vindeiro exercicio 2021, o IVE de investigación non se pode liberar das partidas orzamentarias.

6.2 Tesouraría

Dende 2010 estamos inmersos nun contexto orzamentario restritivo, o cal causou unha perda progresiva do remanente. Este dato, unido ao feito de que unha parte dos ingresos, principalmente os derivados da matrícula, están concentrados na última parte do ano, fan que o nivel de tesouraría entre xuño e setembro sexa moderadamente baixo. Por outra banda, no ano 2020 existiron diferentes convenios coa Consellería de Educación cuxos investimentos obrigan a adiantar os fondos que non se recuperan até que o financiador certifica a materialización dese investimento. Tamén houbo que facer fronte ao incremento retributivo do 2% no ano 2020 sen que se recibise o ingreso até agosto.. Por estas razóns, procedeuse a asinar unha póliza de tesouraría para facer fronte ás obrigas con provedores. Esta operación non implica endebedamento. Adicionalmente, xurdiu a crise da covid-19 na que se estableceron dous convenios, que se explican mais adiante en detalle, e para o cales tamén a Universidade debe de proceder a realizar o gasto e posteriormente poder recuperalo. Este feito condiciona aínda máis a xestión da tesouraría. A pesar deste escenario, conseguiu-se dar resposta as obrigas con provedores.

7. EVOLUCIÓN DO PDI E PAS E NOVA RPT

7.1 PDI

A normativa estatal referente á contratación, as esixencias dos plans de sustentabilidade e as actuais restricións económicas fan que sexa necesario utilizar de forma efectiva e eficiente unha taxa de reposición do 100%, que se está respectando ao máximo. Deste xeito, no ano 2020 permitiuse a contratación de PDI funcionarios e laborais fixos en función da taxa de reposición correspondente ao ano 2019. A oferta de emprego público (OEP) de PDI para o ano 2020 constou de 78 prazas (32 de contratado doutor, 31 de titular de universidade e 15 de catedrático de universidade). Estas prazas foron convocadas tomando como base as seguintes baixas de PDI no ano 2019 que serviron como base para o cálculo da taxa de reposición e que se estima nun custo de aforro de:

- 16 baixas por finalización da relación de profesorado dos corpos docentes universitarios ou extinción do contrato de PDI contratado permanente.
- 2 baixas por excedencias sen reserva de posto de traballo.

- 1 baixa por permuta ao amparo do artigo 62 do Decreto 315/1964, de 7 de febreiro, polo que se aproba a Lei articulada de funcionarios civís do Estado.
- 19 baixas por excedencia voluntaria por servizo activo en outro corpo ou escala de calquera Administración pública.
- 38 baixas de contratados/as doutores/as por acadar unha praza de titular de universidade.
- 1 incorporación como resultado dun concurso convocado ao amparo do artigo 63. “Movibilidade do profesorado” da Lei orgánica 6/2001, de universidades.
- 1 incorporación por permuta ao amparo do artigo 62 do Decreto 315/1964, do 7 de febreiro, polo que se aproba a Lei articulada de funcionarios civís do Estado.

Táboa 11. Distribución das prazas por categoría e xénero

N.º Prazas	Home	Muller	Non hai datos	Categoría
32	12	8	12	Contratado/a doutor/a
31	12	15	4	Titular de universidade
15	5	10	0	Catedrático/a de universidade
78	29	33	16	

Fonte: Vicerreitoría de Profesorado

Isto permitiu a promoción de 20 axudantes doutores, 27 contratados doutores e 15 titulares de universidade. Por outra banda, fíxose un programa de promoción de PDI temporal acreditado a titular de universidade no que espera promocionar 4 profesores.

Táboa 12. Distribución das prazas por categoría e xénero

Nº Prazas	Home	Muller	Categoría
20	12	8	Axudante doutor
27	12	15	Contratado/a doutor/a
15	5	10	Titular de universidade
62	29	33	

Fonte: Vicerreitoría de Profesorado (2020)

Por outra banda, propúxose un programa de promoción de PDI temporal acreditado a titular de Universidade no que espera promocionar 4 profesores cunhas retribucións actuais de axudante doutor ou similares. Tamén se reservou unha praza para a posibilidade de estabilizar un profesor

interino de substitución (retribución similar a axudante doutor) en aplicación do disposto na transitoria terceira dos estatutos (PDI contratado a tempo completo preestatutario). Tamén se reservou unha praza para a posibilidade de estabilizar un profesor interino de substitución (retribución similar a axudante doutor) en aplicación do disposto na transitoria terceira dos estatutos (PDI contratado a tempo completo preestatutario).

7.2 PAS E NOVA RPT

Para o colectivo do PAS, a consolidación dos procesos de promoción interna e concursos de traslados, conciliados coa necesidade de conter o gasto en persoal –aínda coa existencia de subas ligadas á antigüidade–, está permitindo desenvolver a carreira profesional do persoal de administración e servizos da UDC. Desde o día 1 de xullo de 2019 ata o día 9 de setembro de 2020, publicouse no Diario Oficial de Galicia as convocatorias correspondentes a prazas de escalas da Universidade da Coruña contidas nas súas ofertas de emprego público dos anos 2016 (DOG núm. 146, 03-08-2020), 2017 (DOG núm. 198, 18-10-2017), 2018 (DOG núm. 165, 30-08-2018), estabilización (DOG núm. 105, 05-06-2019), e 2019 (DOG núm. 105, 05-06-2019). En definitiva, despois da oportuna negociación coa Xunta de Persoal do PAS da UDC, convocáronse 98 do total de 99 prazas ofertadas.

Promoción interna

A correspondente á OEP do ano 2019, ofertáronse un total de 37 prazas, no DOG do 8 de outubro de 2020.

Nova RPT

Durante o ano 2020 traballouse na elaboración da RPT, orientada a optimizar os recursos dispoñibles nun escenario non expansivo de novas contratacións. Tras un período de análise e diagnóstico das necesidades existentes dos postos de traballo da institución elaborouse e redactouse o documento para a nova RPT. Esta relación de postos de traballo está baseada nos seguintes principios.

En primeiro lugar, a flexibilización funcional de postos de tal xeito que os postos base pasen a depender dos xefes de servizo. En segundo lugar, propónse a incorporación de postos especializados e cualificados de mandos intermedios e directivos, os cales facilitarán a coordinación da actividade administrativa e da investigación. Estes postos fanse especialmente

necesarios en organizacións complexas como pode ser unha institución universitaria onde a execución dos diferentes programas ou accións previstas depende de diferentes servizos. Para lograr unha correcta execución aconséllase un control e seguimento do proceso para o cal a participación deste persoal é fundamental. En terceiro lugar, basease na creación de equipos de traballo que permitan mellorar a eficiencia da organización e a prestación dos servizos. Estes principios pretenden dar resposta ás novas esixencias da xestión en organizacións complexas onde é fundamental a coordinación dos procesos, o traballo en equipo e a flexibilización funcional.

8. CRISE SANITARIA DA COVID-19

Dada a transcendencia deste fenómeno expóñense, ademais da información referida a axudas recibidas e ao impacto económico, os apartados relativos á xestión económica, medidas laborais, de organización académica, de apoio aos estudantes e proxectos de investigación. Por outra banda, esta crise está a suscitar retos importantes como a contribución que pode realizar a dixitalización na ensinanza. A continuación, explícanse todas estas medidas ou programas que, dependendo da evolución da pandemia, poderán continuar no ano 2021. De igual xeito, explícanse actuacións que van proseguir no ano 2021.

8.1 Xestión económica

Trátase de medidas para apoiar a economía e o emprego que están recollidas no Real decreto-lei 15/2020, do 21 de abril e que foron moi útiles durante a pandemia

8.1.1 Potenciación da administración electrónica

Dende o 14 de marzo que estalou a crise sanitaria da covid-19 acelerouse a implantación dos procesos de administración electrónica para facilitar a validación, imputación e contabilización dos expedientes de gasto e asegurar os pagamentos aos provedores.

8.1.2 Medidas fiscais

A partir da entrada en vigor deste real decreto lei e vixente até o 31 de xullo de 2020, aplicouse a taxa do 0 por cento do imposto sobre o valor engadido ás entregas de mercadorías, importacións e adquisicións intracomunitarias. Esta medida estendeuse até o 31 de outubro. En relación co imposto sobre o valor engadido, dado que o encerro incrementou a demanda de produtos e información culturais dos cidadáns, para facilitar o acceso a libros, xornais e dixitais, a través

dunha disposición final redúcese a 4 por cento o tipo impositivo. Permitiu un aforro na adquisición de fondos bibliográficos. Esta derradeira medida podería continuar o ano 2021.

8.1.3 Diferir o pagamento das cotas de amortización de parques tecnolóxicos

Coa finalidade de dar apoio ás actuacións en parques científicos e tecnolóxicos establécese que *“As cotas que venzan no 2020 derivados de préstamos ou anticipos reintegrables dirixidas a promover a investigación e actividade científico-tecnolóxica quedarán aprazadas para a mesma data de 2021”*.

A aplicación destas medidas foi moi acertada tanto para os provedores (medidas fiscais) como para as institucións universitarias (diferir cotas de amortización).

8.2 Medidas laborais

8.2.1. Avaliacións de riscos

Co inicio da pandemia e para garantir un regreso en condicións de seguridade realizouse a avaliación de riscos covid de todos os postos do persoal da UDC, indicando as medidas preventivas que habería que implementar co fin de ter o nivel de risco máis baixo (medidas organizativas, equipos de protección colectiva e individual etc.). Da realización desta avaliación obtivéronse as directrices para a reincorporación do persoal ao posto de traballo. Por outra banda, realizouse unha avaliación específica do persoal traballador especialmente sensible en relación coa infección de coronavirus SARS CoV 2, co fin de establecer a natureza de especial sensibilidade da persoa traballadora e emitir un informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección. Para iso, tívose en conta a existencia ou inexistencia dunhas condicións que permitan realizar o traballo sen elevar o risco propio da condición de saúde da persoa traballadora. A data de hoxe realizáronse tres avaliación da vulnerabilidade tendo en conta a evolución da pandemia.

8.2.2. Plans de prevención nos centros

Co fin de garantir o regreso ás aulas en seguridade, implementáronse plans de prevención para o inicio do curso universitario 2020/2021 prevendo un escenario de seguridade adaptada, que segundo como evolucione a nova normalidade, poderemos atoparnos con tres posibles escenarios: Escenario 1: ou de normalidade adaptada, 2: Distanciamiento e 3: Peché. O plan inclúe o nomeamento dun/ha responsable Covid, as medidas que desenvolverá a comunidade universitaria antes de ir ao centro, no acceso, na estancia e no abandono das instalacións, a adecuación dos

espazos de traballo en función do uso, a coordinación de actividades empresariais, a limpeza, desinfección e ventilación dos centros, a xestión de casos Covid posibles, probables ou confirmados e a xestión dos residuos.

8.2.3 Teletraballo e teleformación

Durante o estado de alarma implementouse o teletraballo o cal permitiu que a actividade docente, investigadora e de transferencia, así como a da xestión realizada tanto polo persoal docente e investigador e de persoal de administración e servizos non parase. Tamén se acondicionaron os postos de traballo para facilitar o reingreso dos traballadores aos seus postos de traballo. Estas accións foron coordinadas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL) e a Xerencia da Universidade.

Tamén se puxeron en marcha diferentes recursos formativos para axudar aos diversos procesos de teleformación. Entre estes destacaron: o Campus Virtual UDC, Teams, OneDrive, Whiteboard, Stream, Forms, Yammer, Turnitin, e a colección electrónica da biblioteca. Tamén se ofreceron videotutoriais sobre como facer cuestionarios, como gravar as clases e a creación de formularios. Igualmente, organizáronse moitas actividades en liña nas áreas de Cultura, Deportes e Voluntariado. Pode consultarse na web a información en detalle (Actividades en liña (udc.es)).

8.3 Medidas de organización académica

8.3.1 Presencialidade con distanciamento social, docencia mixta e plan de continxencia

Ante a situación de incerteza coa que se podía comezar o curso 2020-2021 establecéronse diferentes orientacións que tiveron como obxectivo enfrontar un previsible escenario de “presencialidade con distanciamento social”, que esixía combinar ferramentas e metodoloxías de ensino presencial e non presencial, así como establecer un “Plan de continxencia”, por se fose necesario afrontar un escenario de non presencialidade debido a un novo gromo da pandemia. Igualmente, fíxose un plan para reforzar a limpeza e desinfección de todos os centros con anterioridade ao comezo de curso que está a continuar durante todo o cuadrimestre.

8.3.2 Formación en competencias dixitais e apoio tecnolóxico

Establecéronse tres modalidades ou vías formativas (cursos autoformativos, os seminarios en liña e a creación dunha rede de asesores/as de teleformación). A formación en competencias dixitais, as medidas de organización académica, a teleformación ou o teletraballo son ferramentas que deben de estar preparadas ante calquera novo gromo ou a persistencia de riscos sanitarios.

8.4 Seguimento e evolución da Covid na UDC

A páxina web da covid-19 recolle os informes periódicos que emite o Servizo de Prevención de Riscos Laborais sobre a situación Covid-19.

A UDC puxo en marcha unha campaña de vixilancia e seguimento da evolución da situación Covid-19 na UDC. Segundo os datos recibidos a través do correo info.covid@udc.gal, prl@udc.gal e dos responsables Covid dos centros da UDC desde o inicio do curso, o 21/09/2020, o número casos positivos confirmados na UDC a 06/12/2020 son de 134. Pódese ver no enderezo web que se sinala ([2020_12_07_Informacion_Covid_UDC.pdf_2063069239.pdf](#)) a información dos casos dende o inicio do curso. A maior parte destes casos proveñen de xuntanzas no ámbito non educativo (familiar, amizades, tempo libre etc.) e a transmisión no interior das aulas é case nulo. Por outra banda, a maioría das corentenas derivan da implementación de medidas preventivas na UDC co fin de diminuír a posible transmisión no contorno universitario. A tendencia de casos na UDC ten unha curva moi similar á de España, Galicia e provincia da Coruña e a dos concellos da Coruña, Ferrol e Oleiros, en que a UDC ten centros. Os positivos neste momento mantéñense en niveis do inicio do curso.

Co fin de detectar posibles casos positivos asintomáticos na comunidade universitaria fíxose unha campaña de tests serolóxicos para estudantes, PDI e PAS. Comezou o 22 de outubro e estivo aberta para estudantado, PDI e PAS de todos os campus e centros de Ferrol e A Coruña. Finalizou o venres, 6 de novembro (incluído). Os test realizáronse en Ferrol en Enfermeira e Podoloxía e na EPS e na Coruña no Edificio de Servizos Centrais de Investigación e no Edificio Xoana Capdevielle. A proba consistiu na extracción de dúas gotas de sangue capilar nun dedo da man. Os resultados comunícanse por correo electrónico. O SERGAS foi informado dos casos positivos para o seu adecuado seguimento. Ata o día 02/11/2020 o número de test que se realizaron na UDC foi de 7486 seroloxías (5741 en Coruña e 1745 en Ferrol). A porcentaxe de IgM positivas foi de 0,51% (0,64% en Coruña e 0,06% en Ferrol). As porcentaxes de IgG positivas foi de 1,34% (1,36% no campus da Coruña e un 1,26% no campus de Ferrol). Das 38 IgM positivas (37 na Coruña e 1 en Ferrol), seguindo o protocolo fíxose a PCR e o resultado foi 37 con resultado negativo e 1 con resultado positivo. Tamén se elaboraron medidas de prevención e hixiene fronte á covid-19 para os centros da UDC e recomendacións para non residentes e viaxeiros. Dende aquí queremos salientar o excelente traballo realizado polo SPRL, pois está a ser exemplar.

8.5 Apoio a estudantes


Como consecuencia da pandemia deseñouse un programa de axudas a estudantes con dificultades económicas por mor da situación da crise da covid-19 ou con problemas de conectividade por valor de 79.000€ (#PorTieParaTi”), que foi xestionada dende a Vicerreitoría de Estudantes, a través da Unidade de Servizo de Apoio e Promoción ao Estudante. A axuda resolveuse o pasado 20 de maio. En total foron 242 beneficiarios. Tamén se estableceu unha liña de axuda dirixida a estudantes con problemas de conectividade no que houbo 72 beneficiarios. Ademais, por mor do inicio do curso académico, púxose a disposición do estudantado 50 portátiles, 118 cámaras web e 200 tarxetas SIM para datos de ORANGE de tres meses de duración. Esta axuda outorgouse o pasado 5 de outubro.

Esta Vicerreitoría tamén puxo en marcha unhas Xornadas de Portas Abertas Virtuais (23-24 de abril) para amosar as súas titulacións a futuros estudantes. Na páxina web https://www.udc.es/gl/futuros_estudiantes/portas_abertas/ rexistráronse un total de 7.400 visitas, con 2.401 sesións nas que se informou con chats en directo da oferta de graos e mestrados da UDC. Ademais, os dous vídeos da UDC realizados para estas Xornadas tiveron un total de 6.727 visualizacións e un alcance de 18.770 persoas. Debido ao interese suscitado, a UDC mantivo activa a páxina web das Xornadas. Tamén se presentou a oferta de másteres e déronse a coñecer os seus campus de especialización: Campus Industrial, Campus Sustentabilidade e Campus Innova, amais dos centros de investigación. O obxectivo era que o alumnado de bacharelato e de ciclos formativos de grao superior, orientadores e profesorado de institutos, pais e nais e todas as persoas interesadas puidesen ver os títulos da UDC, e conversar en directo cos profesores. Ademais, a Universidade informou tamén das opcións de aloxamento nas residencias universitarias públicas da Coruña e Ferrol, así como diversos servizos de interese para o alumnado, como a Unidade de Atención á Diversidade, a Oficina de Relacións Internacionais, o programa Espazo Compartido ou os cursos do Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa.

Como se pode ver na figura 4, creouse unha páxina web a través da que se facilitou toda a información relativa aos plans de continxencia dos centros, así como información e atención ao estudantado. Destaca, entre outras, un teléfono de atención persoal para estudantes (881 011 111). Habilitáronse diversos espazos wifi para que o alumnado universitario con dificultades de acceso a internet puidese realizar os seus exames en liña nas instalacións dos seus campus. Tamén se

facilitou a realización de exames en liña en espazos wifi forma parte do Plan UDC de apoio ao estudantado.

Figura 4. Páxina web específica para a covid-19



Ao igual que nas anteriores medidas, no caso de que continúe a crise sanitaria faise necesario manter e reforzar estes programas de axudas económicas, mellora da conectividade, atención ao estudantado, xornadas de portas virtuais, habilitación de espazos para realizar exames ou reforzo de espazos na rede wifi.

8.6 Proxectos de investigación

Queremos destacar a achega que se fixo dende os diferentes grupos de investigación ou investigadores individuais. Foron moitas as contribucións que se fixeron. Esta universidade quere destacar o traballo realizado por toda a comunidade universitaria e recoñecer todo o que se achegou para facer fronte á pandemia. Pode consultarse a web <https://www.udc.es/gl/covid-19/> para ver en detalle todas estas iniciativas. De igual xeito, estamos seguros de que houbo outras iniciativas que se desenvolveron dende a nosa Universidade que se ben non tiveron un impacto mediático contribuíron ao progreso da investigación para afrontar este reto que nos presentou a crise sanitaria.

Táboa 12. Síntese das actuacións en materia de investigación para afrontar a crise sanitaria da Covid-19

Acción ou Programa	Breve Descrición
Proxecto de Investigación: Cooperative Forecasting (ForeCoop) aprobado polo Fondo Supera Covid-19	O proxecto Cooperative Forecasting (ForeCoop) xurdiu no marco do programa "Matemáticas contra o coronavirus", unha iniciativa do Comité Español de Matemáticas (CEMat) para poñer ao dispor das autoridades as capacidades de matemáticos e estatísticos en aras de contribuír a entender e combater a pandemia da COVID-19. Os profesores da Facultade de Informática da UDC José Antonio Vilar e Ricardo Cao lideran o proxecto.
Proxecto de investigación: Estratexias de menor impacto psicolóxico	A Universidade da Coruña busca identificar as estratexias de menor impacto psicolóxico para previr o contaxio da COVID-19. A investigación, liderada polo Laboratorio de Investigación e Desenvolvemento en Intelixencia Artificial (LIDIA) que coordina Amparo Alonso, en colaboración con psicólogos do Campus Sustentabilidade, pretende analizar como a rápida evolución da pandemia da COVID-19 e as medidas para previr o contaxio alteraron as rutinas diarias e as relacións cos demais (29 de abril)
Proxecto de Investigación: VirionBreak seleccionado polo Instituto de Salud Carlos III na convocatoria de estudos sobre a COVID-19	VirionBreak: Cálculo dinámico da cápside do SARS-CoV-2 para a súa destrución por resonancia" na que participan as universidades Politécnica de Madrid, Viena, Michigan e Purdue. O profesor da UDC Fermín Navarrina e outros investigadores presentaron ao ministro Pedro Duque os avances de proxectos tecnolóxicos contra a COVID-19 (19 de xuño de 2020)
Proxecto de investigación: Investigación de fármacos contra a covid-19.	Investigadores da Universidade da Coruña están a traballar en varias liñas relacionadas coa COVID-19, unha delas para atopar fármacos contra a enfermidade. O grupo de investigación RNASA-IMEDIR da Universidade da Coruña, que dirixe o profesor Alejandro Pazos, dispón dun novo sitio web dedicado a COVID-19, https://sites.google.com/view/rnasa-imedir-covid19 , con contidos e seccións dinámicas que se actualizan diariamente coa información que se publica en medios oficiais e estudos científicos (22 de abril)
Proxecto de investigación: incidencia do tecnoestrés	Investigadoras da Universidade da Coruña estudan a incidencia do tecnoestrés motivado polo teletraballo (21 de abril)
Proxecto de Investigación: Hábitos deportivos para o confinamento	Investigadoras da Facultade do Deporte analizan os hábitos deportivos no confinamento pola COVID-19 cunha enquisa con 2.500 participantes (4 de xuño)
Proxecto de investigación: repercusións psicosociais sobre a COVID-19	Os investigadores da Universidade da Coruña Miguel Clemente Díaz, Pablo Espinosa Breen e Adela Reig Botella, especialistas en temas de psicoloxía social no grupo de investigación en Criminoloxía, Psicoloxía Xurídica e Xustiza Penal no Século XXI, codirixen conxuntamente con investigadores da Universidad Nacional Mayor de San Marcos, de Lima (Perú) un estudo para verificar as repercusións psicosociais sobre a COVID-19. (20 de abril de 2020)
Proxecto de investigación: servizo gratuíto de asistencia á cidadanía para a mellora da habitabilidade dos fogares polo confinamento	A Escola de Arquitectura da UDC ofrece un servizo gratuíto de asistencia á cidadanía para a mellora da habitabilidade dos fogares polo confinamento (17 de abril de 2020)
Proxecto de investigación	Unha investigadora da Universidade da Coruña lidera un estudo sobre a comunicación e a crise do coronavirus en España

Fonte: Elaboración propia a partir de <https://www.udc.es/gl/covid-19/>

8.7 Axudas por parte da Consellería de Educación e do Estado

8.7.1 Axudas da Consellería de Educación

O pasado mes de xullo acordouse establecer un convenio de colaboración entre o SUG e a Consellería de Educación para axudar ás universidades galegas para facer fronte aos gastos que está causando a crise do coronavirus. As accións elixibles centráronse en medidas sanitarias, mellora tecnolóxica das instalacións docentes ou investigadoras, actualizacións e ampliación das infraestruturas de soporte á docencia, actuacións sobre a fenda dixital ou apoio á actuación para a docencia mixta. A Consellería achegou a cantidade total de 3.000.000 €. A distribución de

fondos para determinar a contía correspondente a cada universidade realizouse con base nun 30% de cantidade fixa para cada unha das universidades (900.000 €) e un 70% (2.100.000 €) quedou determinado pola aplicación do indicador do custo estándar que se reparte con base no número de créditos matriculados, tal e como se pode ver na táboa 13. Estes fondos significaron unha axuda importante para todos os centros docentes da UDC e os gastos que se afrontaron dun xeito centralizado. Porén, esta axuda foi insuficiente para dar resposta a todos os gastos e a perda de ingresos que desecandeou a crise sanitaria da covid-19.

Táboa 13. Repartición do fondo covid-19 entre as universidades do SUG

UNIVERSIDADE	FIXO	Peso segundo INDICADORES	VARIABLE	TOTAL
UDC	300.000	27,77%	583.170	883.170
USC	300.000	40,50%	850.500	1.150.500
UVIGO	300.000	31,73%	666.330	966.330

Fonte: Consellería de Educación (2020)

8.7.2 Axudas do Goberno central

O Goberno central estableceu diferentes axudas para facer fronte á crise da covid-19. A axuda para Educación vai no denominado tramo 3, cun importe de 2.000.000.000 de euros. O 20% do seu importe, 400 millóns, destinouse a educación superior e repartiuse entre as comunidades autónomas de réxime común en función da poboación de 17 a 24 anos de cada comunidade en 2019. Os cálculos efectuados por aplicación dos criterios previstos no real decreto-lei respecto ao tramo 3, implican que Galicia debería recibir a contía de 92,987 millóns de euros. Desá contía, o que lle correspondería ao ensino universitario (SUG) foi de 13,9 millóns. A Consellaría de Facenda estableceu que a distribución se faría unha vez avaliados os programas ou proxectos que cada universidade presentase para facer fronte á crise orixinada pola Covid-19. Tamén se lles solicitou ás universidades que avaliásemos a perda de ingresos motivada pola crise sanitaria e a previsión de peche do exercicio actual. Con todo, en lugar dos 13,9 millóns a contía que finalmente puxo a disposición das universidades galegas foi de 9 millóns, repartidas do seguinte xeito: 2,5 millóns para Universidade da Coruña, 3 millóns para Universidade de Vigo e 3,5 millóns a Universidade de Santiago de Compostela. As tres Universidades mostraron a súa desconformidade con esta repartición por non respectar a cifra que inicialmente se manexou. Finalmente, repartíronse 10,9 millóns dos cales a UDC recibiu 3,055 millóns de euros. Como se

pode ver na táboa 14 os importes obtidos (proposta corrixida) pola Universidade da Coruña foron superiores ao programa de necesidades presentado.

Táboa 14. Resumo de criterios e importes por actuación establecido na repartición

Universidades		UDC
Alumnos/as e porcentaxe		15.646 (27,94 %)
PLAN DE PREVENCIÓN E CONTROL SANITARIO	Programa de necesidades do Plan sanitario	388.101€
	Proposta corrixida	451.387€
ESTRATEGIA DE DIXITALIZACION	Programa de necesidades do Plan de dixitalización	1.224.069€
	Proposta corrixida	1.224.069€
INFRAESTRUTURAS	Programa de necesidades do Plan de infraestruturas	617.780€
	Proposta corrixida	849.734€
Total por universidade (2020)		2.525.190€
Aportación en 2021		530.860€
Repartición de fondos en 2020-21		3.056.050€

Fonte: Elaboración propia a partir da información da Consellería de Educación e Facenda

A Universidade da Coruña presentou accións que se situaron nas liñas de actuación citadas anteriormente (gasto sanitario, tecnolóxico e obras). En concreto, foron catro as actuacións presentadas, que a Consellería encadró en tres grandes categorías:

- Plan de prevención e control sanitario.** Inclúe as actuacións referidas a limpeza e desinfección dos espazos que non se puido acometer dentro da anterior axuda, reposición de material sanitario ou de laboratorio utilizado e doado durante a crise, os gastos lóxicos dos test serolóxicos ou PCR e un plan de autoprotección.
- Estratexia de dixitalización reforzada do SUG e mellora das competencias dixitais.** Trátase de mellorar a docencia en contornos virtuais que poden ser necesarios utilizar ante situacións causadas pola crise sanitaria e simultaneamente dotar ao persoal docente e investigador de ferramentas e competencias dixitais que permitan mellorar o seu rendemento docente.

- c) **Actuación en infraestruturas menores.** Trátase de novas actuacións como reformulación de novos espazos que inicialmente non estaban previstos para impartir docencia (separacións, tabiques,...), electrificación de aulas, ventilación de espazos, ou reforma e acondicionamento de novos espazos de investigación.

Os recursos se espera que se libren no mes de decembro –no momento en que se está a redactar este documento– aínda non se recibiron. A diferenza do anterior convenio no que o gasto se tivo que realizar na anualidade de 2020 neste caso si é posible incorporar o crédito comprometido e remanentes para a seguinte anualidade.

8.8 Resumo do impacto económico da Covid-19

Os custos derivados da covid (1.262.046,38€) e a perda de ingresos (1.703.747,79€) ascenden a case 3 millóns de euros, ao cal hai que engadir a perda de ingresos como consecuencia da bonificación no prezo do crédito dos mestrados. Por outra banda, obtívose a axuda xa comentada da Consellería (883.170€), conseguiuase un aforro nas cotas de amortización dos parques tecnolóxicos (246.000€); o aforro do pagamento do IVE (56.000€) –cifras redondeadas– e está pendente de saber o aforro nas subministracións (enerxía eléctrica, gasóleo, gas, calefacción). Como consecuencia da perda de ingresos ocasionada por este escenario houbo que reservar o crédito en moitas das partidas do orzamento nunha contía do 20% en fondos descentralizados e en bastantes partidas orzamentarias das vicerreitorías nun 30%. Nas partidas da Xerencia, pola contra, houbo que liberar o crédito inicialmente retido posto que moitos dos contratos esixen a reserva da totalidade do crédito.

9. CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN

No ano 2016 lanzouse o Campus Industrial de Ferrol. Trátase do único campus do SUG orientado á industria e está focalizado na industria intelixente. Este ano constituíse o Consello Reitor (14 de febreiro) así como o Consello Científico-Empresarial e as comisións de Docencia, Investigación e Transferencia (xullo 2020). Ademais, neste ano 2020 someteuse a un proceso de acreditación o que lle permitiría, caso de conseguir este recoñecemento, ter acceso a financiamento estable no próximo trienio 2021-2023. Os principais proxectos para o próximo ano 2021 serán avanzar no proceso de integración das dúas escolas de Enxeñaría, preparar o proxecto e a programación plurianual para o novo edificio de Industria Intelixente, avanzar nos proxectos de eficiencia enerxética, consolidar a nova oferta académica e impulsar a agrupación de investigación.

No que se refire á oferta académica, continua a ter unha grande aceptación o grao en Moda, para o cal, un ano máis, se esgotaron as prazas na primeira semana de matrícula. Simultaneamente, cabe destacar o desenvolvemento do Mestrado en Videoxogos e de Deseño Industrial. Continúase a traballar en programas dirixidos á ampliar a súa oferta académica con novos graos como o Grao Dual en Enxeñaría Eléctrica, o Mestrado en Informática Industrial e Robótica e grao aberto en Enxeñaría Industrial. Estes últimos son unha novidade no curso académico 2020-21. O mestrado superou as prazas que se ofertaban (25). Tamén é importante salientar as xestións que comezaron de cara a integración dos centros da EPS e da EUP nunha soa escola de Enxeñaría que permitirá dar resposta aos retos académicos formulados e mellorar o posicionamento das enxeñarías no marco da oferta formativa. A nova Escola de Enxeñaría poderá dar unha mellor resposta aos retos mencionados grazas á súa integración no Plan estratéxico (2021-2023) do Campus Industrial de Ferrol (CIF) e ao impulso da súa especialización no ámbito da industria intelixente e a fabricación avanzada (“human-centered smart industry”). Este plan pretende consolidar importantes accións xa en marcha, como son a creación dunha agrupación de investigación ao redor da industria intelixente e o impulso da creación da nova oferta docente e académica coherente coas esixencias que demanda a nova industria. Este plan permitirá reforzar o posicionamento do CIF como o campus de especialización no ámbito industrial destacando os sectores da moda, naval e industria auxiliar, portuario, marítimo, loxístico, e metal así como a súa aplicación transversal a calquera sector no eido dos procesos industriais.

O Campus Sustentabilidade lanzouse en xuño de 2018 e o Campus Innova en novembro do mesmo ano. Para cada un deles seguiuuse un itinerario específico. Preténdese avanzar na definición das grandes áreas especialización sobre as cales se concreten tanto as liñas de investigación ou de transferencia como as áreas de interese formativo ou académico. No ámbito da docencia destaca o programa “Educando para a Sustentabilidade”, cunha vocación moi práctica e aplicada concretada en obradoiros, talleres e sesións formativas. Tamén destaca o lanzamento do Grao Interuniversitario en Paisaxe entre as universidades de Santiago e A Coruña, que xa arranca o terceiro curso. Tamén debemos salientar a mellora na clasificación internacional GreenMetric en que a UDC mellora a súa posición tanto a nivel mundial –ascende ao posto 85 a nivel mundial– como nacional, pois alcanzou o posto terceiro de España. Para o ano 2021 está previsto realizar unha infraestrutura piloto a escala real para a monitorización e avaliación de infraestruturas verdes (solucións baseadas na natureza) no campus central da Universidade da Coruña. Trátase dun proxecto pioneiro no eido da sustentabilidade e das infraestruturas que pretende ser promotor do cambio social e do paradigma da xestión da auga nos contornos urbanos en que colabora o CITEEC, o SAU, e o Campus Sustentabilidade. No Campus de Elviña presenta tres solucións

para cubertas (CITEEC, Camiños, Canais e Portos e estanque e zona húmida no Pavillón de Deportes) e dúas solucións para viario cunha estación para monitorizar a rede e unha unidade de control localizada no CITEEC. No campus da Zapateira existe unha solución para cubertas (Filoloxía), unha solución para viario (aparcamento de Filoloxía) e 1 estación de monitorización da planta de zonas húmidas construídas para o tratamento de augas residuais urbanas (Ciencias).

No que se refire ao Campus Innova, no ámbito da investigación e transferencia destaca a consecución dunha nova agrupación estratéxica para o CITEEC (2018-20), a renovación do CICA-INIBIC (2018-20) e a renovación do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións para o período 2019-22. Levou a cabo actuacións de promoción e mellora dos recursos docentes, como foron a Xornada de "Oportunidades para investigadores e empresas a través das accións Marie Skłodowska-Curie (MSCA)", a promoción do proxecto educativo STEMBach; a realización do curso de verán "Sielae Hispania - O humanista dixital II" que recibiu o premio da Sociedad Internacional Humanidades Digitales Hispánicas (HDH) á mellor iniciativa formativa do ano 2019; e o prestixioso Curso de Nanociencia e Nanotecnoloxía. Co obxectivo de pór en valor as liñas de especialización e transferencia, elaboráronse as Xornadas "O Clúster Alimentario de Galicia e os retos estratéxicos do sector: I+D+i e Sustentabilidade" e a de "Manufacturación Aditiva en Enxeñaría Civil e Biomedicina". É de destacar a grande aceptación que están a experimentar os novos graos asociados que acaban de lanzarse vinculados á área de innovación tecnolóxica e dixital como é o grao en Videoxogos e o de Ciencia e Enxeñaría de Datos –comezou o segundo curso neste ano 2020–. Igualmente, neste ano 2020 lanzouse o grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía, o cal completou integramente as 50 prazas que se ofertaban. Apoioouse a impartición de seminarios especializados asociados as liñas de especialización e estase a traballar na promoción do programa de stem-bach e nos diferentes programas asociados á Cidade das TIC.

10. PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE (2020-21)

Na comisión de seguimento, reunida o 4 de decembro do 2019, o secretario xeral de Universidades propuxo dar continuidade aos diferentes programas da mellora da calidade do sistema universitario galego, que está incluído no subfondo denominado "*Fomento da I+D+i e da transferencia*" e propoñer dous novos. Estes programas concrétnanse en accións diferentes como son o impulso de graos interuniversitarios, os graos bilingües ou a mellora nos *rankings*

internacionais. A estes xa existentes engádense a publicidade do TFG e TFM e os mestrados de excelencia.

Nos programas xa implantados a Universidade da Coruña cumpriu os obxectivos previstos. En primeiro lugar, a UDC, en colaboración coa USC, como xa se destacou anteriormente, vai continuar participando na impartición do próximo curso académico 2020/21. En segundo lugar, destaca a mellora nos *rankings* internacionais, o cal se xestionou dende a Reitoría e a Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica en colaboración coa Unidade de Xestión de Datos. Neste caso, o que se exige é a mellora prevista nun indicador dalgún dos principais *rankings* internacionais: Academic Ranking of World Universities (ARWU), Times Higher Education (THE) e QS World University Rankings. Isto tamén se puido conseguir nos tres *ranking*. Igualmente, tamén se presentaron ofertas para os mestrados de excelencia, graos abertos e publicidade dos TFG e TFM na páxina web institucional para o curso 2020-21. É de salientar a taxa de éxito nestes programas, xa que a UDC conseguiu 2 dos tres mestrados de excelencia (mestrado en Bioloxía Molecular, Celular e Xenética (UDC) e Enxeñaría Informática (UDC), dous graos abertos (Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría Industrial) e se aprobou tamén a páxina web na que figura os TFG e TFM tal e como demandaba a convocatoria do programa de Mellora da calidade.

Deste xeito, a nosa Universidade presentou accións nos seis apartados cumprindo os obxectivos en todos os programas e en dous deles (mestrados de excelencia e graos abertos) os mellores resultados. Unha síntese dos resultados conseguidos pode verse na táboa 15. A previsión para o ano 2021 é continuar no desenvolvemento dos programas referidos a mestrados de excelencia e graos abertos.

Táboa 15. Programas da Convocatoria do Programa da Mellora da Calidade

Título do Programa	Reparto por Universidade	Resultados conseguidos 2020	Previsión 2021
Colaboración en Graos Interuniversitarios	Unha por Universidade (UDC e USC) en 2020/21,	Grao en Paisaxe (2019-20). Cumprimento do obxectivo	Continuar co Grao en Paisaxe (2020-21)
Impartición de graos en inglés	Catro no 2020/21 (1-UDC, 1-USC, 2-UVIGO)	Grao en Informática (2019-20) Cumprimento do obxectivo.	Continuar co Grao en Informática (2020-21)
Mellora nos rankings internacionais	Un programa de mellora por universidade.	Mellora no Ranking THE, ARWU e QS nos indicadores enumerados anteriormente. Cumprimento do obxectivo.	Continuar coa proposta do ano anterior de mellora nalgún indicador Ranking THE, ARWU e QS.
Máster de excelencia	Máximo seis másteres no curso 2020/21, que obteñan a mención segundo a orde de convocatoria de novembro de 2019	Premio para o Máster en Enxeñaría Informática Premio para o Máster en Bioloxía Molecular. Cumprimento do obxectivo.	En avaliación se volve saír a convocatoria
Graos abertos	Tres para o curso 2020/21 (un por cada universidade do SUG)	Aprobación do grao aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas Aprobación do grao aberto en Enxeñaría Industrial Cumprimento do obxectivo.	En avaliación se volve saír a convocatoria
Publicidade de TFG e TFM	Tres para o curso 2020/21 (unha por cada universidade do SUG)	Aprobación da páxina web institucional Cumprimento do obxectivo.	En avaliación se sae unha nova convocatoria

Fonte: Elaboración propia a partir de Conselleira de Educación (2020)

11. PROGRAMAS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

Temos implantados tres programas importantes de aforro: a compra de enerxía, a adhesión a centrais de compra e os proxectos integrais de eficiencia enerxética.

a) Xestión enerxética

Dentro deste programa destacan dúas liñas de actuación: a compra de enerxía eléctrica e a compra centralizada de combustibles. A compra de enerxía eléctrica está a dar bos resultados. Actualmente, estase a aplicar en tres centros: Filoloxía, Informática e o Edificio de Servizos Centrais para a Investigación. Adicionalmente, avanzouse na adhesión á rede Redexga no resto de centros. Este programa está sendo moi eficaz e logrouse un aforro acumulado de 200.000€.

b) Proxectos integrais de eficiencia enerxética

A esta convocatoria presentáronse 23 solicitudes de proxectos, 21 proxectos de aforro enerxético e 2 proxectos de enerxías renovables. A UDC, a través da Vicerreitoría de Economía, presentou 8 solicitudes de proxectos de aforro enerxético de axuda e unha vez avaliadas concedéronse axudas a 6 proxectos por un total de 2,2 millóns de euros, desagregados segundo se pode ver na

táboa 16. A enerxía aforrada é de 3,6 GWh/ano, as emisións de CO₂ evitadas ascende a 706 t CO₂/ano e o investimento total é de 2,75 M€ mentres que a axuda é de 2,2 millóns de euros.

Táboa 16. Síntese das porcentaxes de aforro e investimento dos proxectos presentados en 2019

Edificio	Porcentaxe de Aforro de enerxía primaria non renovable (Mínimo do 15% e máximo do 60%)	Aforro de emisión de CO ₂	Coefficiente de aforro en relación ao investimento (Mínimo de 0,2 y máximo de 2)	Investimento Total	Financiamento (80%)	Cofinanciamento
Reitoría	33,12%	73,44 tCO ₂	0,617 Kwh/€	517.870,60 €	414.296,48 €	103.574,12 €
ETSAC	41,86%	152,31 tCO ₂	2,77 kwh/€	453.800,00 €	363.040,00 €	90.760,00 €
EPS	48,14%	200,42 tCO ₂	1,93 kwh/€	428.466,48 €	342.773,18 €	85.693,30 €
NORMAL	44,24%	189,30 tCO ₂	1,81 kwh/€	368.025,59 €	294.420,47 €	73.605,12 €
PABELLON DEPORTES	25,61%	79,33 tCO ₂	0,312 kwh/€	696.828,46 €	557.462,77 €	139.365,69 €
HUMANIDADES	44,46%	82,94 tCO ₂	1,23 kwh/€	285.423,38 €	228.338,70 €	57.084,68 €
Total				2.750.414,51 €	2.200.331,61 €	550.082,90 €

Fonte: Elaboración propia (2020)

Convén destacar tres feitos relevantes. Un dos proxectos presentados foi cualificado como singular pola comisión avaliadora dos proxectos e foi destacado polo director xeral de Industria. Ademais, este proxecto foi premiado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia. Trátase do proxecto da NORMAL. Este proxecto contempla unha serie de medidas como o cambio do sistema de iluminación coa implantación de *leds* na totalidade dos puntos de luz e a instalación de detectores de presenza nas aulas, o cambio da caldeira de gasóleo por caldeiras de gas, a incorporación de cabezais termostáticos en radiadores e o sistema de telexestión dos consumos. Ademais, vanse instalar na cuberta paneis fotovoltaicos, que cunha potencia de 50Kw poderá xerar enerxía. Grazas ao aforro xerado polas medidas anteriores pódese conseguir un edificio de consumo enerxético nulo. O outro feito é que se vai implantar un *district heating*, de tal xeito que esa sala de caldeiras permitirá proporcionar enerxía a diferentes edificios no campus como Humanidades e o salón de actos. O plan previsto era que estiveran finalizados a finais deste ano, pero a crise da covid-19 retrasou a licitación e en consecuencia a execución. A previsión é que finalicen no primeiro trimestre do ano 2021.

12. A CIDADE DAS TIC

12.1 Polo de innovación dixital e tecnolóxica no eido das TIC

Consiste na creación dun proxecto estratéxico para crear un polo TIC e de innovación dixital de referencia a nivel nacional e internacional na Coruña. O arranque da Cidade das TIC comezou en marzo de 2020 coa cesión dos terreos nos que se localizará a cidade polo Ministerio de Defensa á Universidade da Coruña. A Cidade das TIC conta co apoio explícito de todas as administracións. Desenvolveranse tecidos empresariais conectados e máis competitivos, impulsaranse as TIC e creárase un centro de referencia en intelixencia artificial. Contará, como se pode ver na figura 5, cun centro de servizos avanzados, unha área empresarial TIC, un centro de I+D en novas tecnoloxías, un espazo de formación e difusión da transformación dixital, así como a sede dun nodo da Estratexia dixital galega 2030 e nacional de intelixencia artificial.

Figura 5. Edificios e servizos da Cidade das TIC



Fonte: <https://www.cidadedastic.gal/>

Ao abeiro da Estratexia Dixital de Galicia, aparece a creación dunha rede de tres polos de especialización tecnolóxica de Galicia: un Polo Intelixencia Artificial (IA) na Coruña, un polo de Ciberseguridade en Santiago e un polo 5G en Vigo. O obxectivo é lograr a vertebración, concentración e crecemento e internacionalización das TIC en Galicia. Ademais, grazas á conectividade antes mencionada, estes polos estarían conectados coas iniciativas HUBS de innovación e o tecido empresarial. O polo contará cunha compoñente centrada na capacitación

avanzada do sector TIC en IA. Tamén permitirá o desenvolvemento de programas de formación especializados para empresas e permitirá organizar eventos e *workshops* específicos, congresos, seminarios, xornadas etc.


12.1 Custos do canon e fitos máis recentes e inclusión nos proxectos do fondo de reconstrución “Next Generation”

O importe que debe pagarse polo canon é de 260.000€/ano e pode compensarse mediante os diferentes gastos e investimentos realizados durante o ano 2020.

En xullo de 2020 foi concedida unha axuda de 4,8 millóns de euros pola Xunta de Galicia a través do IGAPE para a posta en marcha do Centro de Servizos Avanzados TIC (CSA), o que suporá a rehabilitación integral dunha das naves do complexo cuxas obras comezarán a inicios de 2021. Nesta data tamén está previsto o inicio do acondicionamento e urbanización interna do complexo que será realizado polo Concello da Coruña. A rehabilitación da nave que aloxará o CSA supón arrancar co Parque Empresarial coa posta a disposición de máis de 2.600 m² para o aloxamento de empresas TIC.

Lanzouse o concurso do proxecto construtivo de todo o complexo e, especificamente, o do primeiro edificio, cuxa licitación debería saír no primeiro cuadrimestre do ano 2021. O pasado 28 de setembro, o reitor, a alcaldesa de Coruña e o presidente do Clúster TIC presentaron as bases do proxecto da Cidade das TIC e do Centro de Servizos Avanzados. Ese mesmo día presentouse a páxina web (figura 6) onde se vai dar a coñecer á sociedade en xeral e ás empresas todo o relacionado con ese plan. O pasado 27 de outubro anunciouse que a Cidade das TIC foi incluído na candidatura presentada ao Goberno para optar aos fondos europeos de reconstrución Next Generation. Trátase dun dos 108 proxectos seleccionados para acceder a estes fondos que pretende mobilizar até 55 millóns de euros no caso de saír adiante a solicitude. O 27 de novembro recibiu o premio ao mellor gran proxecto na área das TIC.

Figura 6. Páxina web da Cidade das TIC: As TIC que conectan



13. CONCLUSIONES

As principais conclusións que se derivan deste documento e que marcarán o desenvolvemento do orzamento do ano 2021 son as seguintes:

1) Contexto de restrición orzamentaria

A crise do coronavirus esixe que continuemos nun contexto orzamentario restritivo. Este feito limita a realización de actuacións importantes de investimento en capital, as cales deben ser desenvolvidas a través de fontes de financiamento alleo.

2) Mellora do financiamento estrutural

O fondo estrutural pasou de 72,12 a 74,3 millóns de euros, o cal vai dirixido a sufragar o incremento dos custos de persoal para o ano 2021.

3) Incremento no peso relativo ou ponderación no financiamento por resultados no período 2016-21 e lixeira caída do financiamento por resultados no ano 2021

A ponderación do fondo denominado “panel de indicadores” diminúe para o conxunto do SUG motivada pola caída do PIB do ano 2020 en catro millóns de euros (61,1 a 57,3). Dentro do período 2016-20 a Universidade da Coruña está a mellorar o rendemento da actividade docente, investigadora e de transferencia pasando dun 21,04% a 24,31%.

4) Incremento do gasto en persoal (capítulo I), diminución dos gastos correntes (capítulo II) e lixeiro incremento das transferencias correntes (capítulo IV)

O capítulo I increméntase até alcanzar unha contía de 102,13 millóns de euros como consecuencia do incremento retributivo do ano 2020 e do crecemento vexetativo do persoal. Estase a realizar o mantemento dos gastos correntes como é a seguridade, os combustibles, a luz, o gas, a xardinaría etc. En total, os gastos correntes ascenden a 16,118 millóns de euros (diminuíndo un 2,51%) mentres que as transferencias correntes se incrementan até o nivel dos 4,75 millóns de euros. Faise necesario realizar un control da evolución do gasto corrente en todas as unidades ou centros de gasto e conseguir, se for posible, unha maior redución.

5) Impulso dos campus de especialización e acreditación o Campus Industrial de Ferrol

Preténdese impulsar o Campus Innova, o Campus Sustentabilidade e o Campus Industrial de Ferrol cuxas grandes liñas de especialización, tanto de investigación como de transferencia, xa están definidas. Dentro do Campus Industrial destacan a fabricación aditiva, a robótica, materiais,

enseñaría de procesos e innovación e deseño de produto. Por medio destes campus inténtase dar unha mellor oferta académica e mellorar a súa transferencia de coñecemento. Someteuse a acreditación do Campus Industrial que, de materializarse, permitiría conseguir financiamento plurianual e estable para o próximo período 2021-23, o cal está fundamentado no plan operativo do mesmo período. Dentro deste plan está prevista a integración das dúas escolas de Enxeñaría para a creación dunha nova. De igual xeito, o Campus Innova e Sustentabilidade van impulsar o proxecto da Cidade das TIC.

6) Impulso da investigación e da transferencia

No ámbito da investigación e transferencia destaca o avance do centro singular do CITIC no eido das tecnoloxías da informacións e das comunicacións. Tamén se avanzou na consolidación das agrupacións de investigación do CICA e do CITEEC. O obxectivo de cara a 2021 é consolidar esta traxectoria e seguir impulsando a creación dunha agrupación de investigación para o Campus Industrial de Ferrol e, como se acaba de mencionar, a súa acreditación.

7) Programa de mellora da calidade: graos abertos e mestrados de excelencia

O plan é continuar coa implantación dos graos con docencia en inglés, mellorar a posición nos *rankings* internacionais THE, ARWU por áreas e QS. Tamén se afondará nos programas de novos graos abertos nas áreas de Ciencias Sociais e Xurídica e Enxeñaría Industrial e na mellora dos mestrados.

8) Maior énfase nas políticas de aforro e investimento en programas de eficiencia enerxética

Vaise continuar coa implantación de programas de aforro como a compra de enerxía, a adhesión a centrais de compra, así como o desenvolvemento dos seis proxectos de eficiencia enerxética que alcanzan un investimento total de 2,7 millóns de euros. Estes seis proxectos son os edificios de NORMAL, ETSAC, Pavillón de Deportes, EPS, Humanidades e Reitoría, dos cales 2,2 millóns son achegados polo INEGA. Destácase o premio do mellor proxecto de eficiencia enerxética outorgado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia (ICOIG) ao edificio de NORMAL.

9) Consolidación dos procesos de promoción interna e concursos de traslados e promoción interna e bases para a nova RPT

Avanzouse na consolidación dos procesos de promoción interna e durante o ano 2020 traballouse na elaboración da RPT orientada a optimizar os recursos dispoñibles nun escenario non expansivo de novas contratacións. Tras un período de análise e diagnóstico das necesidades existentes dos postos de traballo da institución, presentouse o documento para a nova RPT. Esta relación de postos de traballo está baseada nos principios de especialización de postos de alta cualificación, traballo en equipo e a flexibilización funcional.

10) A crise sanitaria da covid-19 esixiu un **avance da administración electrónica, a dixitalización** na actividade docente, **o apoio a estudantes** tanto a través de medios económicos como tecnolóxicos e de conectividade, **o reforzo da limpeza e desinfección, unha mellora da ventilación e a colaboración coas autoridades sanitarias** para favorecer a prevención e a seguridade en termos sanitarios.

11) A Cidade das TIC

No próximo ano 2021 lanzarase o proxecto da Cidade das TIC. O primeiro dos edificios pretende ser un centro de servizos avanzados e acaba de recibir unha subvención de 4,8 millóns de euros por parte do IGAPE. O pasado 27 de novembro o proxecto recibiu o premio ao mellor gran proxecto na área das TIC. En xaneiro de 2021 espérase que se convoque o concurso do proxecto construtivo de todo o complexo, e especificamente, o do primeiro edificio ao que se acaba de facer referencia.

12) Prórroga do orzamento do 2020 para 2021

O equilibrio orzamentario do orzamento do ano 2021 sitúase no nivel dos 136,99 millóns e do orzamento prorrogado é de 131,78 millóns de euros. No orzamento do exercicio económico do ano 2021 existe un incremento nos ingresos correspondentes ao capítulo III, unha mellora das transferencias correntes (capítulo IV) no que se inclúe a mellora do financiamento estrutural. Para facer fronte a determinadas actuacións, caso dos programas de eficiencia enerxética, ou continuar con políticas de aforro, é necesario realizar investimentos en capital, os cales permitirán a medio prazo axudar a reducir os gastos correntes.